

## **MOCIÓN SOBRE DENUNCIA DO CONTRATO DE AQUALIA.**

PLENO 27 OUTUBRO 2016. ACTA 0018/2016

### ANTECEDENTES:

Dende o primeiro día que esta Agrupación se presentou no noso Concello pra mudar as cousas, un dos nosos propósitos sempre foi o de remunicipalizar os servizos públicos que foron privatizando os diversos gobernos municipais. Un dos servizos públicos de maior importancia é o abastecemento de auga potable e o de saneamento, actualmente prestado por Aqualia.

Tal e como consta no documento asinado en Redondela na notaría de dona M<sup>a</sup> Mercedes Bermejo Pumar con data de sete de outubro de 1993, referido á “*CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO*”; o Concello de Redondela, representado por D. Jaime Máximo Oscar Rey Barreiro, procedeu a conceder dita concesión, tal e como se acordou no Pleno extraordinario do 4 de maio de 1993. Nese documento asinado establécese: “*Décimonono: Serán causa de extinción da Concesión:[...] O transcurso ou cumprimento do prazo que a concesión outorga ( vintecinco anos)*”.

Á súa vez, no “*PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXIRÁN NO CONCURSO PARA CONCESIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE REDONDELA*”, consta:

*“DURACIÓN DO CONTRATO.[...] 2ª) A duración do contrato será de vintecinco (25) anos, contados a partir do comezo do mesmo, prorrogables tacitamente por períodos de cinco (5) anos, ata o máximo legal de cincuenta (50) anos SALVO DENUNCIA EXPRESA POR ALGUNHA DAS PARTES CONTRATANTES, NOTIFICÁNDOA ALOMENOS UN (1) ANO ANTES DO SEU VENCEMENTO.*

**Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:**

- **Proceder á denuncia do contrato-concesión do servizo integral de auga potable e saneamento.**
- **Garantir que sexa entregada dita comunicación**

### VOTACIÓN E ACORDO.-

*Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 11 votos a favor ( 5 do PS de G-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 votos en contra do PP.*

*O Alcalde procede a explicar o voto do grupo popular indicando que lle parece una iniciativa prematura, que podería esperar, xa que a día de hoxe non existe ningún estudo que ampare a decisión adoptada.*